



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de novembro de 2019

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día sete de novembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(987).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno Local ratifica a urxencia da sesión.

2(988).- PROPOSTA DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SANITARIO-ASISTENCIAS A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS. EXPTE. 114403/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta Informe-proposta do 7/11/19, asinado pola xefa de Contratación, a concelleira-delegada de Área, a titular de Asesoría Xurídica e o interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRJAP).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados del consumo de drogas (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas particulares para a contratación do procedemento aberto de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados del consumo de drogas (PPT).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de setembro de 2015, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL), aprobou o expediente de contratación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados del consumo de drogas, os pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares, aprobou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 22 de outubro de 2015, a XGL acordou adxudicar o citado procedemento a CLECE, S.A., por un prezo de 1.390.638,19 euros, e un prazo de dous anos con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha (apartados 4 A e D das FEC do PCAP).

O contrato formalizouse o 11 de novembro do mesmo ano e comezou a súa execución ese mesmo día.

Foi obxecto de dúas prórrogas aprobadas pola XGL en datas 2 de novembro de 2017 e 25 de outubro de 2018 respectivamente.

Terceiro.- En data 26 de xuño de 2019, a XGL acordou a aprobación do expediente de contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO (expediente 2.705-315), a



Concello de Vigo

autorización do gasto correspondente e a apertura do procedemento de licitación. O anuncio de licitación deste procedemento foi publicado o 5 de xullo no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo. Durante o prazo de presentación de ofertas non foi presentada ningunha. En consecuencia, a XGL, a proposta da Mesa de Contratación declarou deserto este procedemento o 9 de agosto de 2019.

Cuarto.- En data 30 de agosto de 2019, a XGL acordou a aprobación dun novo expediente de contratación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO (expediente 2.740-315) a autorización do gasto e a apertura do procedemento de licitación. Publicouse anuncio no DOUE e na Plataforma de Licitación do Estado en data 3 de setembro de 2019.

Durante o prazo de licitación presentaron oferta os seguintes operadores económicos:

1. EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS (CIF A79022299)
2. SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A. (CIF A27843192).

Todos eles resultaron admitidos neste procedemento por acordo da mesa de contratación de 3 de outubro de 2019.

Quinto.- En data 24 de outubro de 2019, a XGL adxudicou o procedemento citado no apartado anterior a EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.

Sexto.- En data 4 de novembro de 2019 o contratista durante o trámite de audiencia conferido ó efecto manifesta a súa conformidade coa continuidade do contrato nos mesmos termos ata a formalización do novo contrato, se ben con dúas limitacións:

- Este período non deberá exceder de 6 meses.
- A partir do 1 de xaneiro de 2020 será necesario incrementar os custes salariais na medida en que aumenten estes consonte ó convenio colectivo de aplicación.

Sétimo.- En data 5 de novembro de 2019, o xefe da área de Benestar Social solicita ao servizo de Contratación a tramitación da continuidade do contrato actualmente en vigor ata que se poda formalizar o novo contrato.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Réxime xurídico aplicable

Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC). Así, o contrato que nos ocupa, réxese polas seguintes normas:

-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-II-

Da finalización do prazo do contrato de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados del consumo de drogas (expediente 114403-301) con carácter previo á formalización do novo contrato que garanta a continuidade do servizo

O contrato de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados del consumo de drogas (expediente 114403-301) adxudicóuselle a CLECE, S.A., en data 22 de outubro de 2015, por un prazo de dous anos, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución en data 11 de novembro do mesmo ano. Finalizado o prazo inicial o contrato foi prorrogado por sendos acordos da XGL de 2 de novembro de 2017 e 25 de outubro de 2018, finalizando a última prórroga o próximo 10 de novembro.

Con carácter previo á finalización deste contrato, aprobouse pola XGL o 26 de xuño, un novo expediente de contratación que abrangue as prestacións obxecto do mesmo (expediente 2.705-315). No entanto, este procedemento quedou deserto, polo que o órgano de contratación acordou a aprobación doutro expediente de contratación relativo a este servizo (expediente 2.740-315).

Este último contrato foi adxudicado pola XGL en sesión de 24 de outubro a EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. A adxudicación foi notificada os interesados o mesmo día e publicada no perfil de contratante. Dado que tratase dun contrato suxeito a regulación harmonizada non poderá formalizarse ata o día 18 deste mes, unha vez finalice o prazo de 15 días hábiles de interposición do recurso especial en materia de contratación (artigo 153.3 LCSP), e ilo sempre que non sexa interposto durante este prazo o citado recurso por algún interesado. Suposto no que se demoraría a data de formalización, pois a impugnación do acto de adxudicación acarrea por imperativo legal a medida cautelar de suspensión do procedemento (artigo 53 LCSP).

Na actualidade, é imposible garantir a continuidade na prestación do servizo, pois o contrato en vigor remata antes que o prazo de interposición do recurso especial.

-III-

Necesidade da prestación do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO ata a formalización do novo contrato

O contrato que nos ocupa ten por obxecto diferentes prestacións necesarias para o funcionamento do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO.

Do informe do xefe da área de 5 de novembro de 2019, despréndese a necesidade de que se continúe coa prestación do servizo. Do contrario, habería que pechar o servizo, o que ocasionaría trastornos aos usuarios. Así di o citado informe que *"É imprescindible, pois, garantir a continuidade do servizo sanitario e asistencial que se presta ás persoas drogodependentes atendidas por CEDRO. Xuntase memoria de actividades de 2018 que permite valorar a imposibilidade do peche dun servizo con un volume asistencial de 1.025"*



Concello de Vigo

pacientes drogodependentes, moitos de eles, en situación de exclusión social. A ausencia do seguimento destas persoas pode supoñer unha recaída de consecuencias graves, xa que, moitos padecen unha patoloxía dual. Ademais subrogase o persoal que presta a atención aos pacientes, e resulta imprevisible a presentación ou non de recursos especiais en materia de contratación contra o acordo de adxudicación, cuxa resolución podería demorar o inicio da execución do novo contrato". Consta no expediente a memoria de execución do contrato no ano 2018 onde pódese apreciar o volume de usuarios e a necesidade de manter o servizo.

-IV-

Medidas a adoptar para garantir a continuidade do servizo

Como expúxose no fundamento xurídico anterior, non é posible formalizar o novo contrato, o que impide garantir a continuidade sen interrupcións da prestación dos servizos obxecto deste contrato.

Esta circunstancia, tal e como se deduce da relación fáctica dos antecedentes, non é imputable a esta Administración, senón que se debe a que o procedemento aberto que se tramitou para a adxudicación do novo contrato quedou deserto e houbo que tramitar un novo.

Durante a tramitación dun expediente de contratación poden acontecer numerosas vicisitudes que retarden á mesma e impidan que un poder adxudicador dilixente, que tramite coa antelación suficiente como para garantir a continuidade na prestación dun servizo ou subministración, formalice o novo contrato no prazo previsto. Singularmente, neste caso non era previsible que o contrato fose declarado deserto. Esta circunstancia provocou a necesidade da tramitación dun novo procedemento e non foi posible formalizalo a tempo para garantir a continuidade do servizo.

Para evitar os riscos e os graves prexuízos que carrexaría o non continuar coa prestación do servizo ata a formalización do contrato, período, que é incerto, e podería dilatarse no tempo en función das vicisitudes que acontezan, é necesario buscar unha solución.

A vixente normativa de contratación pública prevé para resolver casos como o que nos ocupa a posibilidade de prorrogar o contrato. Así, o artigo 29.4 in fine LCSP permite que ampliar o contrato en vigor se ao seu vencemento non estivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade das prestacións obxecto do mesmo. Se ben a condiciona a concorrencia das seguintes circunstancias:

1. A non formalización en prazo do novo contrato deberá ser consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación.
2. Que existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato.
3. Que o anuncio de licitación do novo contrato fose publicado polo menos tres meses antes da data de finalización do contrato orixinal.

De concorrer estes requisitos permite ampliar o contrato en vigor condicionando ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- O contrato orixinal pódese ampliar ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, durante un período máximo de nove meses.
- Non deberán modificarse as restantes condicións do contrato.

Como se ten dito, os contratos réxense pola normativa vixente no momento da súa formalización, e este precepto non lle sería de aplicación. No entanto, o artigo 35.3 do TRLCSP, aplicable o presente contrato, regula un suposto de prórroga por razóns de interese público para non interromper a prestación dun servizo para o caso de nulidade dun contrato. Establece este artigo que “Se a declaración administrativa de nulidade dun contrato producise un grave trastorno ao servizo público, poderá dispoñerse no mesmo acordo a continuación dos efectos daquel e baixo os seus mesmas cláusulas, ata que se adopten as medidas urxentes para evitar o prexuízo”.

Aínda que no presente caso non concorre ningunha causa de nulidade, o certo é que no fondo late o mesmo problema, garantir a continuidade na prestación dun servizo público. Ante a inminencia da finalización do prazo contractual sen terse formalizado o novo contrato por mor de que o procedemento para a adxudicación do novo contrato foi declarado deserto e houbo que tramitar outro, faise necesario adoptar unha medida que garanta a continuidade na prestación do servizo

É preciso, ademais, ter en conta que no presente caso concorren todas as circunstancias previstas polo artigo 29.4 LCSP para a aplicación desta medida:

1. A non formalización en prazo do novo contrato é consecuencia de incidencias derivadas de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas ao longo do procedemento de adxudicación. Neste caso, o procedemento para a adxudicación do novo contrato foi declarado deserto e houbo que tramitar outro.

O anuncio de licitación do primeiro procedemento foi publicado o 5 de xullo no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello de Vigo.

2. Existan razóns de interese público para non interromper a prestación obxecto do contrato. Este é un servizo destinado a cubrir a necesidade dun colectivo en risco de exclusión social e con importantes patoloxías clínicas. Tal e como se desprende do citado informe do servizo.
3. O anuncio de licitación do novo contrato foi publicado con máis de tres meses de antelación á data de finalización do contrato orixinal. O contrato que nos ocupa finaliza o día 10 de novembro e o anuncio de licitación do primeiro procedemento que quedou deserto foi publicado no Diario Oficial da UE e no perfil de contratante do Concello de Vigo o día 5 de xullo.

No ámbito local, a fundamentación da figura da prórroga “*obligatoria*” podería fundamentarse no artigo 128.1. 1º do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que impón ao concesionario a obriga de prestar o servizo do modo disposto na concesión ou ordenado posteriormente pola Corporación concedente. Trátase dunha regra fundada na necesidade de manter, en todo caso, a continuidade do servizo, á que tamén obedecen os artigos 246 b) e 280 a) do TRLCSP.

A xurisprudencia tamén se ten pronunciado sobre esta cuestión. Exemplo é a sentenza do Tribunal Supremo do 18 novembro de 1986:



Concello de Vigo

«(...) una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la Administración por razones de interés público unidas a la necesidad de continuidad del servicio -y mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia del anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la Administración hace uso de las facultades que forman el contenido del «ius variandi», con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza del Hospital Insular».

E a sentenza do Tribunal Superior de Justicia de Canarias do 1 de marzo de 1999 di que:

«Al regular el art. 127.1 RS las potestades exorbitantes de que gozará la Administración en los contratos de servicios públicos señala que la Corporación concedente ostentará sin perjuicio de las que procedan, las potestades siguientes: 1º Ordenar discrecionalmente, como podría disponer si gestionare directamente el servicio, las modificaciones en el concedido que aconseje el interés público y, entre otras: a) la variación en la calidad, cantidad tiempo o lugar de las prestaciones en que el servicio consista, y b) la alteración de las tarifas a cargo del público y en la forma de retribución del servicio. Si observamos atentamente los preceptos transcritos siempre hacen referencia a la posibilidad de introducir modificaciones en el servicio. Por modificar hay que entender «cambiar una cosa mudando alguno de sus accidentes». Según la doctrina civilista se consideran, por regla general, condiciones accidentales del contrato las que se refieren a la cantidad, modo, tiempo o lugar de las obligaciones. La prórroga de la duración del contrato podría tener cabida dentro de la potestad de modificar el servicio (...)».

Especialmente relevante é a sentenza 143/2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Vigo de 25 de abril (RCA 503/2015 P.O.), en canto á aplicación do artigo 35.3 do TRLCSP xa que analiza a aplicación analóxica do artigo 65.3 do TRLCAP coa mesma redacción, precisamente en relación coa continuidade dun contrato de limpeza do Concello de Vigo:

"Aunque el presente caso no constituya exactamente el supuesto de hecho contemplado por el artículo 65.3 del TRLCAP, ya que el contrato suscrito por la actora y el Concello en el año 2001 sucesivamente prorrogado hasta el 31 de agosto de 2005 no se declaró nulo de pleno derecho, sino que simplemente expiró su vigencia, en ambos casos se trata de situaciones en las que el servicio contratado por la Administración a una empresa y que esta ha venido prestando con unas determinadas condiciones deja de tener sobrevenidamente el amparo de un contrato (en el caso del artículo 65.3 del TRLCAP porque se declara la nulidad del contrato, en el presente caso porque expiró su vigencia) y se hace necesaria una respuesta de urgencia para asegurar la continuidad del ser servicio público, evitando el grave trastorno al mismo que deriva del hecho de que el contrato se haya declarado nulo (o en nuestro caso, que haya expirado su vigencia, no pueda ser prorrogado y no sea posible de forma inmediata una nueva contratación) permitiendo la continuación, ya no del contrato como tal sino de sus efectos, permitiendo de esta forma la continuidad material en la prestación bajo las mismas condiciones hasta que se puedan adoptar las medidas pertinentes para evitar el perjuicio. Esta finalidad es trasladable al presente supuesto mutatis mutandis, en que se hacía necesaria asegurar la prestación del servicio de limpieza de forma inmediata (...). La similitud del supuesto y la concurrencia de identidad de razón amparan la aplicación analógica."

Tamén o Informe 4/2016 da Junta Consultiva de Contratación administrativa de Canarias se ten pronunciado sobre esta cuestión no que conclúe:

«Consecuentemente, puede concluirse que la legislación de contratación pública no contiene ninguna regulación que sea directamente aplicable a este caso. De ahí que resulte justificado acudir a otras fórmulas derivadas del derecho civil, o de la legislación de régimen local para alcanzar una solución al problema.

Podría acudirse a distintas figuras legales que son analizadas a lo largo del presente informe como la incidencia en la ejecución, la celebración de un contrato menor- que plantea el problema de la limitación de la cuantía y la imposibilidad legal de concatenación de diversos contratos de esta tipología; de una tramitación de urgencia, la determinación de la existencia de una prórroga forzosa por tácita reconducción- que cuenta asimismo con la objeción jurisprudencial de la prohibición de la existencia de “prórrogas tácitas” o, finalmente, la adopción de un acuerdo de continuación del servicio, el cual, elude la apariencia de fraude que ofrecen otras soluciones y exigiría un acuerdo que debe adoptarse de forma motivada antes de que el contrato se extinga; además, de que la duración de su vigencia ha de ser proporcionada a la necesidad».

Aplicando analoxicamente o artigo 35.3 ó caso que nos ocupa, podería autorizarse polo órgano de contratación a continuación do contrato pola empresa que actualmente presta o servizo, ata a formalización do contrato coa empresa adxudicataria do novo contrato.

-V-

Condicións da continuidade do servizo

Unha vez xustificada a necesidade de prestar os servizos necesarios para o funcionamento de CEDRO, e garantir a continuidade na prestación do servizo, resta fixar as condicións nas que deberá producirse a mesma.

A prestación do servizo continuará nas mesmas condicións que durante a vixencia do contrato que agora remata, con excepción do relativo ao prazo, pois o contrario implicaría unha modificación contractual adoptada a marxe do procedemento fixado na lei.

Respecto ao prazo, as prestacións derivadas dos contratos continuarán executándose polo tempo imprescindible para a formalización e inicio do novo contrato.

Consta no expediente a conformidade de CLECE, S.A., para continuar executando o contrato nas mesmas condicións ata o 31 de decembro do ano en curso.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e fiscalización da intervención municipal (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:



Concello de Vigo

“1º.- A continuidade de prestación do contrato do servizo sanitario asistencial de apoio á UAD CEDRO (expediente 2.740-315) nas mesmas condicións ata a formalización do novo contrato.

2º.- Autorizar e comprometer os gastos derivados da continuidade deste contrato ata o 30 de novembro por un importe de 38.628,74 euros.

3º.- No caso de que se interpoña un recurso especial contra o acordo de adxudicación, será preciso tramitar unha modificación presupostaria para cubrir o importe deste contrato que ascende a 57.943,25 euros mensuais”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(989).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DA ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DA RECONQUISTA 2019. EXPTE. 7906/335.

Visto o informe de fiscalización do 6/11/19 e o informe xurídico do 4/11/19, dáse conta do informe-proposta do 4/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira-delegada de Festas e Turismo e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS).

Lei 9/2007, de 13 de xullo, de subvenciones de Galicia.(LSG)

Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións (RLXS)

Lei 19/2013 de 9 de decembro de transparencia, acceso á información e bo goberno.(LTAIB)

Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRBRL).

Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA)

Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

INFORME.

A concelleira delegada da Área de Festas e Turismo resolveu en data 1 de abril de 2019 que se iniciase o expediente necesario para a concesión dunha subvención nominativa a favor

da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, para a organización da Festa da Reconquista 2019, que tivo lugar no barrio histórico de Vigo os días 30 e 31 de marzo.

Dende o ano 1994, a Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, inscrita no Rexistro municipal de asociacións co nº 49, vén colaborando co Concello de Vigo na organización e produción deste evento, acadando unha importante labor de recuperación e revitalización dunha festividade declarada de interese polo consello da Xunta de Galicia o 26 de marzo de 2012. A entidade é propietaria da marca “Festa da Reconquista”, conforme o Título de Rexistro da marca que consta no expediente.

A Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo está en condicións de organizar a presente edición da Festa da Reconquista, conforme ao Programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos do texto do convenio.

Coa devandita iniciativa, contribúese a coñecer a historia da cidade dun xeito lúdico, fomentado a participación da cidadanía nestas actividades e recoñecendo a este Barrio como alternativa cultural e de ocio.

No ámbito das súas competencias, esta Concellería ten entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización sociocultural nos distintos barrios e parroquias da cidade, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral da cidade, onde existe unha contra-prestación directa para a mesma, tal como a conmemoración da Reconquista.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Así mesmo, conforme os artigos 69 e 72 da Lei 7/1985, corresponde ao Concello favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da cidadanía e o impulso da participación na xestión da Corporación nos termos que esta establece e sen menoscabo das facultades de decisión que corresponden aos órganos representativos reguladas por lei.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dunha resolución para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo.

O réxime xurídico de aplicación da presente subvención nominativa atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia, toda vez que a organización desta festividade nas edicións anteriores vén estando a cargo da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, que ostenta os dereitos de representación da marca en exclusiva.

A presente resolución é unha das que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ao limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das



Concello de Vigo

actividades. Este convenio regularase igualmente pola Lei 40/2015 de 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003 e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

Este subvención nominativa prevé unha dotación de 60.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 3380.480.0001 (Convenio Reconquista) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello Vigo, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Pola súa banda, a entidade encargouse da organización xeral do evento e asumiu todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 242.803,00 euros, sendo que as partidas subvencionadas polo Concello (atrezzo, infraestruturas, demostracións de oficios, exposición, seguridade, palcos, porta da Gamboa, electricidade, pirotécnica, son, iluminación e promoción) ascenden a 60.000,00 euros. Desta forma, a entidade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles o seguro que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros, así como a elaboración dun Plan de Autoprotección para o evento.

En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación da presente resolución e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultada a concelleira delegada da Área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio, ao amparo do Decreto de delegación de competencias da Alcaldía en virtude do decreto de 19 de xuño de 2015 e acordo da Xunta de Goberno de data 19 de xuño de 2015. Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade da concelleira da Área de Festas e Turismo e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, faise á Xunta de Goberno local a seguinte

PROPOSTA:

1º.- Conceder unha subvención nominativa á favor da Asociación veciñal e cultural Casco Vello de Vigo, CIF B-36.645.885, para a organización da Festa da Reconquista 2019, que tivo lugar os días 30 e 31 de marzo.

2º.- A aportación dineraria de 60.000,00 € realizarase con cargo á aplicación Presupuestaria 3380.480.0001 (Convenio Reconquista) do programa de Festas para o vixente exercicio.

3º.- A concesión da subvención nominativa queda suxeita as seguintes condicións e compromisos:

Primeiro.- O obxecto do presente subvención nominativa é establecer a relación entre a ENTIDADE e o CONCELLO para a organización conxunta dunha programación conmemorativa da FESTA DA RECONQUISTA 2019, que desenvolveu as actividades que figuran no Anexo deste expedientes.

Segundo. - A ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO organizou a Festa da Reconquista 2019, que tivo lugar no barrio histórico da cidade os días 30 e 31 de marzo de 2019, conforme ao Programa recollido no Anexo deste expediente, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo II.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Festas e Turismo dez días antes do comezo do evento; este material terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do Servizo de Festas e terá que incluír o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa . Ademais a ENTIDADE terá que dar a adecuada publicidade e difusión da actividade, facendo mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

7º.- Coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas no obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

8º.- Aboar as taxas, impostos e todos os demais gastos derivados da realización das actividades, incluíndo a xestión e aboamento da cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

9º.- Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades, asumindo a contratación da póliza de seguro de responsabilidade civil nº 3RG361000634 de GENERALI ESPAÑA, S.A. de Seguros y Reaseguros,, que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entrega ao CONCELLO copia da póliza, que se achega ao expediente.

10º.- Contratar a elaboración dun Plan de Autoprotección que avalíe os riscos que se poidan derivar da execución do programa de actividades, cumprindo coas



Concello de Vigo

recomendacións que deriven do mesmo. O antedito Plan de Autoprotección terá que ser presentado no servizo de Seguridade previo á autorización de ocupación de vía pública.

11º.- Todo o material elaborado con cargo ao presuposto do convenio para a representación da Reconquista 2019 (traxes, porta da Gamboa, fusiles, bandeiras, pendóns, etc) é propiedade do Concello de Vigo. Unha vez finalizada a presentación terá que ser depositado, en perfecto estado de conservación e limpeza, nun lugar a determinar pola Concellería de Festas e Turismo.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Terceiro.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º- Conceder directamente á ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, unha subvención por importe de 60.000,00 euros, co obxecto de coaduxar ao financiamento da programación, organización e execución da Festa da Reconquista 2019. Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asumiu ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Cuarto.- Esta subvención nominativa é compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto terceiro deste convenio efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número IBAN ES96 2080 5045 8930 4001 0210, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A entidades beneficiaria puido subcontratar con terceiros ata un porcentaxe máximo do 65% do importe da actividade subvencionada.

Oitavo.- A beneficiaria tivo que dar adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Noveno.- En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións BDNS operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Décimo.- En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) a ASOCIACIÓN VECIÑAL E CULTURAL CASCO VELLO VIGO, está obrigada a relacionarse de forma electrónica coas Administracións Públicas.

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org>

A tenor do disposto no artigo. 81 do regulamento da L.X.S. establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 e xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.

No caso de que se achegue a documentación de forma presencial, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica.

A beneficiaria, deberá xustificar antes do 10 de novembro de 2018, o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se acheguen con especificación da súa data de emisión, provedor,



Concello de Vigo

obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.

- Facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas en papel.
- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo primeiro.- No caso de que a ENTIDADE opuxérase expresamente a que o CONCELLO comprobe se aquela se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, a beneficiaria deberá acreditar estas circunstancias antes de proceder ao pagamento, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7.e da LG 9/2007. De non haber tal oposición expresa, o CONCELLO comprobará estes documentos de oficio, tal como establece o artigo 28.2 da Lei 39/2015, de 1 de decembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo segundo.- Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo terceiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo Servizo de Festas do Concello de Vigo. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e Turismo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo quinto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do

obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo sexto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, foi editada integramente en idioma galego, e foi que ser revisada polo Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sétimo.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a entidade asinante e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo oitavo.- A presente subvención nominativa terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2019 e non será prorrogábel.

Décimo noveno.- A concelleira delegada de Festas e Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Vixésimo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo primeiro.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo segundo.- A actividade obxecto deste convenio estivo destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma foi público e gratuíto.

Vixésimo terceiro.- A ENTIDADE cumpriu estritamente co Plan de Autoprotección contratado, controlando a afluencia de público aos diferentes espazos da festa e respetando os seus aforos. Así mesmo, velou por que todos os ocupantes dos postos do mercado tradicional cumpriran co Plan de Autoprotección, es especial co relativo á ubicación destes postos e nos espazos de evacuación que se recomenden en caso de emerxencia.

Vixésimo cuarto.- En relación aos postos do mercado tradicional, a ENTIDADE velou porque o persoal, os produtos e utensilios que se expoñan en cada posto respecten as normas sobre hixiene, seguridade e demais disposicións impostas pola lexislación vixente. Igualmente, asegurouse de que os postos que expendiron bebidas alcohólicas expoñeron en



Concello de Vigo

lugar perfectamente visible para o público a prohibición de venda de bebidas alcohólicas a menores de idade, en cumprimento da Lei de Galicia 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas a menores de idade.

Vixésimo quinto.- En cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuir aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións artigo 20.4 e 20.8.b.

Vixésimo sexto.- A concesión da subvención nominaiva rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; Así como a Lei 40/2015 de 1 de outubro, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(990).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO DE REGULAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE URBANO DE VIAXEIROS EN AUTOBÚS DA CIDADE DE VIGO” E APROBACIÓN INICIAL DO MESMO. EXPTE. 2667/449.

Visto o informe xurídico do 6/11/19 e o informe de fiscalización do 7/11/19, dáse conta do informe-proposta do 4/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

PROPOSTA:

PRIMEIRO ; Aprobar o proxecto de Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, co seguinte contido:...”

SEGUNDO; Propoñer ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte Acordo:

PRIMEIRO,-Aprobar inicialmente o Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo, que antecede .

SEGUNDO,-Abrir un período de información pública e conceder tramite de audiencia polo prazo de 30 días contados a partir da publicación do presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia, para a presentación de reclamacións e suxestións .

TERCEIRO,- Declarar que de conformidade co establecido no artigo 49.C) da Lei reguladora das bases de réxime local, de non presentarse ningunha reclamación ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado o Regulamento do servizo de transporte urbano de viaxeiros en autobús da cidade de Vigo debendo publicarse o texto integro do Regulamento no B.O.P.P.O entrando en vigor aos 15 días hábiles da súa completa publicación .

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez